



INFORMACIÓN RELATIVA AO Proxecto do Decreto .../.... do de polo que se regula o sistema de asesoramento ás explotacións agrarias do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.

Segundo se recolle no punto 1 do artigo 12 do Regulamento 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro sobre o financiamento, xestión e seguimento da PAC, os Estados membros instaurarán un sistema a efectos de asesorar aos beneficiarios sobre a xestión de terras e explotacións (“o sistema de asesoramento ás explotacións”) que estará a cargo de organismos públicos e/ou de organismos privados seleccionados.

Ademais se establece no seu artigo 14, que os beneficiarios e agricultores que non reciban axuda en virtude da PAC poderán utilizar de forma voluntaria o sistema de asesoramento ás explotacións. En consecuencia, se deberá garantir que as entidades que formen parte do sistema de asesoramento ofrezan un servizo adecuado e de calidade dirixido á mellora da competitividade das explotacións e o seu respecto polo medio ambiente, independentemente de que o servizo este ou non subvencionado.

En consecuencia, o sistema de asesoramento debería estar constituído por entidades convenientemente acreditadas mediante a súa inscrición nun rexistro creado a tal fin, cuxo obxectivo sexa regular os servizos de asesoramento as explotacións.

ASPECTOS XERAIS

O sector primario representa en Galicia unha porcentaxe moi superior, tanto en valor engadido bruto (VEB) como en emprego, á media española e europea. Esta importancia increméntase nas zonas menos poboadas tal e como se deriva da análise realizada polo documento de programación 2014-2020 de desenvolvemento rural de Galicia.

A gandería constitúe o pilar fundamental da actividade agraria galega, sendo o sector lácteo o activo máis importante, tanto en termos de produción como de repercusión social.

A fortaleza económica do sector debería servir de impulso de cara a unha maior capacidade de innovación e mellora continua da competitividade das explotacións.



Non obstante existen na actualidade numerosos aspectos que complican, en grande medida, o desenvolvemento dun sector primario máis competitivo. O progresivo envellecemento da poboación e o despoboamento das zonas rurais, repercute directamente no incremento do risco de abandono da actividade agraria, na menor capacidade de adaptación aos cambios e de posibilidade de innovación do sector e na debilitación progresiva da economía desas áreas.

Asemade, a produción agraria atópase moi atomizada e o nivel de asociacionismo agrario é verdadeiramente baixo, existindo un elevado número de explotacións con escasa dimensión que dificulta o acceso a economías de escala e reduce a capacidade de negociación no proceso de comercialización.

Como consecuencia do abandono da actividade vinculada ao despoboamento e envellecemento da poboación prodúcese un incremento da vexetación espontánea e, polo tanto, elévase o risco de que se produzan incendios forestais. Este feito unido a que a actividade agraria é un dos focos emisores máis importantes de gases de efecto invernadoiro e que a xeración de residuos orgánicos e inorgánicos derivada da mesma é certamente elevada, fan que a actividade agraria repercuta negativamente na mitigación do cambio climático.

Todos estes factores unidos a alta taxa de desemprego total e xuvenil en Galicia poñen de manifesto a necesidade de potenciar un sector primordial que supón unha clara oportunidade de desenvolvemento para a Comunidade.

Neste senso, o asesoramento dos titulares e traballadores das explotacións agrarias sitúase como un aspecto fundamental para o logro dun crecemento sostido e sostible da actividade que permita a mellora da competitividade das explotacións, non só en materia agronómica senón tamén socio laboral e medioambiental.

O SISTEMA DE ASESORAMENTO

O punto 2 do artigo 12 do Regulamento nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro sobre a financiamento, xestión e seguimento da PAC, reflicte que o sistema de asesoramento ás explotacións cubrirá polo menos algunha das materias contidas nese apartado:

- As obrigas derivadas dos RLX e BCAM segundo o disposto no Título VI, Capítulo I do Regulamento (UE) nº 1306/2013, o Regulamento delegado (UE) 649/2014, da Comisión, o



Regulamento de execución 809/2014 da Comisión, así como o resto de normativa comunitaria, nacional e rexional. A normativa nacional relativa as obrigas indicadas, recóllense no Real Decreto 1078/2014, de 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola;

- As prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente establecidas no título III, capítulo 23 do Regulamento (UE) nº 1307/2013 e o mantemento das zonas agrarias; conservación da biodiversidade, uso eficiente da auga e protección do suelo, segundo se recolle no artigo 4, apartado 1, letra c) do Regulamento (UE) nº 1307/2013;
- Modernización das explotacións, consolidación da competitividade, integración sectorial, innovación e orientación ao mercado, así como a iniciativa empresarial;
- Requisitos en materia da Directiva marco da auga 2000/60/CE (para dar aplicación ao artigo 11, apartado 3) e xestión integrada de pragas (á que se refire o artigo 14 da Directiva 2009/128/CE;
- Os requisitos a escala dos beneficiarios, establecidos polos Estados membros para a aplicación do artigo 55 do Regulamento (CE) Nº 1107/2009, en particular o requisito ao que se refire o artigo 14 da Directiva 2009/128/CE, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios;

Ademais O sistema de asesoramento ás explotacións tamén pode cubrir:

- o fomento das conversións de explotacións e a diversificación da súa actividade económica;
- a xestión do risco e a introdución das medidas preventivas oportunas para facer fronte aos desastres naturais, os acontecementos catastróficos e as enfermidades animais e vexetais;
- os requisitos mínimos establecidos pola lexislación nacional, tal como se indica nos artigos 28, apartado 3 e 29, apartado 2, do Regulamento (UE) nº 1305/2013;
- a información relativa á mitigación do cambio climático e a adaptación aos seus efectos, a biodiversidade e a protección da auga prevista no anexo I do Regulamento (UE) Nº 1306/2013 do Parlamento europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013;

Non obstante, ademais da inclusión destas materias, a aprobación dun novo decreto fundamentase na necesidade de crear un sistema que centre os seus esforzos na mellora do



rendemento actual das explotacións. Esta actuación esixe que cada unha das entidades que formen parte do sistema de asesoramento se comprometan á elaboración e posta en marcha dun Plan Estratéxico onde se definan as liñas prioritarias de actuación e as accións encamiñadas á mellora da súa competitividade. Para lograr este obxectivo, os asesores deberán realizar unha análise pormenorizada das explotacións que abarque aspectos agronómicos, económicos, medio ambientais e socio laborais desta, sobre os que poidan definir as liñas prioritarias de actuación, anteriormente mencionadas.

O rexistro deberá tamén estar constituído por entidades que poidan garantir un asesoramento de calidade e adecuado, vinculado á Medida 10 Agroambiente e clima (Razas autóctonas en peligro de extinción e manexo sostible das explotacións gandeiras) e/ou Medida 11 Agricultura ecolóxica do PDR 2014-2020, xa que ambas medidas esixen como condicionante de admisibilidade que a explotación reciba o servizo de asesoramento específico, dunha entidade autorizada.

O Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, define no seu artigo 15 as condicións que se deberán cumprir para para que os agricultores, os xoves agricultores, os titulares forestais, outros xestores de terras e as PEME das zonas rurais, poidan beneficiarse dos servizos de asesoramento para mellorar os resultados económicos, así como o respecto do medio ambiente e a capacidade de adaptación ao cambio climático das súas explotacións, empresas e/ou inversións.

Na actualidade os xefes das explotacións galegos con formación agrícola completa atópase moi por debaixo nas medias nacionais e europeas. O sector agrario en Galicia supón unha importante oportunidade para a economía da Comunidade e o seu crecemento sempre e cando se aproveite adecuadamente todo o seu potencial. O asesoramento constitúe unha peza fundamental para o logro do correcto relevo xeracional, a mellora da competitividade das explotacións, a diversificación da actividade agrogandeira e a conservación, restauración e xestión do medio natural.

Por outra banda, o Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 de Galicia establece 3 liñas básicas de actuación, en concordancia cos obxectivos definidos pola Política Agraria Común:

1. Fomentar a competitividade da agricultura galega mediante a modernización das explotacións agrícolas e forestais, a incorporación de agricultores xoves en explotacións orientadas ao mercado e con capacidade de diversificación económica, a ordenación do territorio e a mellora da



produtividade da industria agroalimentaria e forestal promovendo a produción de alto valor engadido.

2. Conservar e revalorizar o patrimonio natural de Galicia, promover a xestión sostible dos recursos naturais e a loita contra o cambio climático.

3. Mellorar a calidade de vida da poboación rural fomentando a prestación de servizos básicos que axuden á fixación da poboación no medio rural, a creación de emprego e a redución do risco de pobreza.

Como soporte esencial de estas liñas básicas de actuación, a formación continua e o asesoramento constitúen unha peza clave para o desenvolvemento e a mellora da competitividade do sector agroalimentario e forestal, e xunto cos obxectivos transversais de innovación, medio ambiente e cambio climático conforman a proposta para o PDR de Galicia.

OBXECTO

A aprobación do futuro decreto, para os efectos do disposto no do artigo 12 do Regulamento 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro sobre a financiamento, xestión e seguimento da PAC e de conformidade co estipulado no artigo 15 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ten por obxecto:

- Regular o establecemento e as condicións que deben cumprir os servizos de asesoramento ás persoas dedicadas á agricultura;
- Definir as distintas modalidades de asesoramento en función das materias que abranga cada servizo prestado;
- Recoñecer, mediante a inclusión do sistema de asesoramento, as entidades privadas que presten estes servizos;
- Establecer os supostos de suspensión e/ou retirada do recoñecemento;
- Definir un sistema de avaliación da calidade do servizo prestado pola entidade;



-Apertura do prazo para a actualización e verificación dos requisitos das entidades actualmente inscritas no rexistro aprobado polo Decreto 235/2007, de 29 de novembro polo que se regulan os servizos de acsesoramento e de xestión das explotacións agrarias (Resaxega), para a súa incorporación no sistema de asesoramento obxecto do presente Decreto.

EN RESUMO

É indubidable que o impacto dos períodos de programación anteriores contribuíron ao avance do rural galego en termos económicos e sociais. Sen embargo, boa parte dos problemas estruturais mantéñense en maior ou menor medida. Resulta polo tanto aconsellable a formulación dunha continuidade crítica, aproveitando aqueles esquemas vixentes que xeran valor e incorporar os cambios necesarios para orientar a xestión aos resultados e a eficiencia, tendo sempre presente a análise do contexto actual da comunidade autónoma.

Ata a presente data o Decreto 235/2007 de 29 de novembro, regulaba o establecemento e as condicións que debían cumprir os servizos de asesoramento ás persoas dedicadas á agricultura e detentoras de áreas forestais, o recoñecemento daquelas entidades privadas que prestaban servizos de asesoramento así como regular o establecemento e as condicións que debían cumprir os servizos de xestión agraria.

Sen embargo, as novidades introducidas no novo período de programación 2014-2020 esixen a creación dun sistema de asesoramento de calidade, constituído unicamente por entidades que permitan a prestación dun servizo adecuado dirixido á mellora da competitividade das explotacións e o seu respecto polo medio ambiente, onde se regulen as obrigas e requisitos mínimos que deben acadar para realizar dita actividade, tanto a nivel técnico coma económico, se defina un sistema de avaliación periódica da calidade do servizo prestado e onde se establezan os aspectos relativos ao cumprimento dos compromisos adquiridos para garantir a súa permanencia no sistema.